



CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA E AMPLIACIÓN DE SANTA CLARA PARA USO DESTINADO A MUSEO

Resolución do xurado



VERBAS DA PEDRA

NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P (86 puntos)

A proposta gañadora plantexou como retos facer visible e accesible o conxunto histórico a cidadáns e visitantes; artellar os edificios na súa nova función; facilitar un sistema de circulación que recolla todos os fluxos e espazos; e proxectar un complexo funcional que respecte o pasado e estea conectado coas necesidades sociais do presente.

A **unión coa cidade** do proxecto resolveuse abrindo un oco no muro sur, que será a nova entrada desde a praza Barcelos e conectará o museo e os seus xardíns coa cidade, establecendo un percorrido peonil a través do recinto. Tamén se mantén a entrada existente dende a rúa Santa Clara pola Porta de Carros e se incorpora unha nova polo espazo inmediato á zona verde municipal.

Pola entrada sur pola Praza de Barcelos, un **pavillón de acceso** de nova construción sitúase no eixo do antigo claustro, anunciando aos

visitantes a nova condición pública do conxunto. O novo corpo de acceso ao complexo formalízase como unha gran marquesiña, un baldaquino que protexe e acolle a visitantes e grupos revelando o novo punto de entrada e que serve como miradoiro privilexiado sobre o conxunto arquitectónico. Na planta inferior, os espazos de recepción sitúanse no nivel do claustro. Nos arredores recuperáronse e consolidáronse as ruínas existentes.

Recupérase a estrutura formal do convento orixinal reconstruíndo as tres pandas que antigamente formaban o **claustro**. No lado norte e leste propónse eliminar o corredor superior engadido posteriormente, de escasa calidade construtiva e difícil uso expositivo, recuperando a súa escala inicial, con novas cubertas inclinadas que evocan as que tiña o edificio orixinal. Como resultado, a fachada posterior da igrexa faise visible en toda a súa dimensión. No lado oeste, propónse a construción

dunha panda que segue as trazas do que, no seu día, probablemente existiu, pechando así un anel de circulación fundamental para o funcionamento do conxunto.

As persoas visitantes, unha vez dentro a través do baldaquino, desprázanse ao Norte pola panda oeste do claustro de nova creación ata o noreste, onde está o punto de entrada e control de acceso a áreas expositivas.

As **zonas de exposición** localízanse nos edificios coñecidos actualmente como Edificio Oeste, Edificio Barroco e Coro da Igrexa. Para resolver a conexión entre eles, propónse actuar sobre patio interior situado entre o Edificio Barroco e o Edificio Oeste, patio que sufriu moitas transformacións ata a actualidade. A intervención pretende pór en relación continente e contenido, de modo que as cociñas, refectorio, adega ou claustro permitirán falar do monumento e da historia da cidade.


VERBAS DA PEDRA. NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P

O edificio de ampliación para o **Centro de Xestión Arqueolóxica** proxéctase como unha construción lonxitudinal semisoterrada na zona leste, cuxa cuberta axardinada será de uso público, integrada no xardín do antigo convento. Terá dous niveis completo sótano para depósitos e un terceiro nivel parcial para instalacións na zona leste. No nivel aberto á zona axardinada sitúase un área de terraza e cafetería.

As **zonas de paso**, o camiño da auga e os muros son as ferramentas que se utilizan e resólvense vinculadas entre si. Para conseguir a comunicación a través do xardín, propónse unha zona de paso que se acompaña dun elemento de pedra de granito, leitmotiv no estado actual. A pedra pode ser recuperada das obras para realizar na execución da rehabilitación. Tamén recolle as augas superficiais

para canalizalas cara a uns cerramentos que se propoñen nos accesos inferiores. Doutra banda, conecta as pequenas pezas arquitectónicas diseminadas polo xardín (lavadoiros, capela, pozos...) e consegue un sistema de recirculación e recuperación de auga limpa que pode ser reutilizada no conxunto.

Na zona oeste do xardín, como remate da fachada sur do edificio barroco, propónse un pequeno escenario no oco actual, espazo que se replica no xardín retranqueando o muro actual, xerando así unha superficie plana que poida soportar as necesidades de eventos ao aire libre en modo **anfiteatro**. En canto ao paisaxismo, búscase permitir a celebración de eventos ao aire libre e outras actividades que poidan estar vinculadas ou ser independentes do programa museístico e poñer en valor a vexetación existente que se atope en bo estado.



Superficies

Centro arqueolóxico: 3.940,30 m². Pavillón de acollida: 305,50 m². Espazo expositivo: 2.704,30 m²

Total 6.950,10 m²

VERBAS DA PEDRA. NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P

Valoración do xurado

Verbas da pedra responde de xeito sobresaínte ao desafío de transformar un recinto con vocación de illamento da escena urbana nun lugar público. Un espazo complexo no que o arquitectónico se une intimamente á construción dunha paisaxe que funde o produtivo co contemplativo. A proposta pon en valor todo o preexistente a través da restauración, aollendo novos usos para atender as novas necesidades de estudo e conservación da nosa historia facéndoas partícipes da vida da cidade, abríndose e incorporando os espazos de bosque e pomar aos lugares de estudo e traballo.

A solución proposta ábrese con rotundidade e claridade á cidade polo sur, desvelando o privado ao público. Cun sutil exercicio pousa o futuro do Museo sobre o espazo claustral, que se converte en centro e punto de partida dun deambular polas pandas do convento para

desvelar de modo secuencial ou gradual os diversos espazos e novas áreas de actividade. A proposta resolve de maneira brillante, os retos existentes de, mantendo a idea icónica de recinto conventual, incorporar as novas necesidades do Museo.

O proposta responde dun xeito excelente ao programa requirido polo Museo atendendo a todas as necesidades contempladas no Documento base, aportando unha lúcida reflexión sobre cuestións como a capacidade de almacenamento e crecemento da colección, ou a flexibilidade dos espazos expositivos. Así mesmo aborda cuestións importantes como o tratamento pormenorizado para a igrexa e o tratamento dos bens mobles.

VERBAS DA PEDRA. NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P



VERBAS DA PEDRA. NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P



VERBAS DA PEDRA. NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P



OS INICIOS

KAAN ARCHITECTEN BV (80 puntos)

A proposta completa as galerías existentes xerando un percorrido perimetral arredor do claustro, incorporando un sólido volume monomático de gran tamaño que cara o interior se abre con arcos facendo referencia ao simbolismo relixioso do xardín pechado do convento, tomando os arcos de medio punto das formas do convento e do logotipo do Museo.


Establece dúas partes, unha destinada a arqueoloxía baixo terra (no edificio barroco na zona oeste, que sería ampliado no que se eliminan as diferencias de altura e podería utilizarse para expoñer restos arqueolóxicos) e outra centrada na restauración e rehabilitación do convento (arredor do claustro, e con dúas plantas).

Esta última parte do claustro divídese á súa vez en tres partes, unha destinada a exposición climatizada; a igrexa, antiga sacristía, e entrada; e a parte de cafetería, servizos e gardarroupa, que poderían unirse entre si no caso de gran-

des eventos. Como novidades, amplíase a galería este e engádesse a galería sur, que alberga o novo acceso principal e dá acceso a todas as instalacións.

Para o acceso, o estudo de arquitectura plantexa abrir o muro cara a Barcelos, aliñando as entradas cos eixos centrais do antigo convento, cunha apertura lixeira cun número variable DE arcos de medio punto

A auga é unha parte esencial e eixo condutor do proxecto de paisaxe. Previsiblemente, na súa historia todo o xardín contaba cun sistema de rega por gravidade e de alxibes para almacenar a auga. O camiño da auga deriva conceptualmente da fonte: a orixe de todo, nos Inicios, o concepto que dá nome á proposta. Este camiño conecta as distintas zonas entre si, xerando un percorrido accesible. A proposta plantexa un percorrido de auga en forma de circuito pechado de aproveitamento que termina nun estanque de depuración no punto máis baixo e que permite a recirculación do sistema.



Superficies

Centro arqueolóxico: 4.120 m². Exposición: 1.787 m². Recepción e acollida de visitantes: 422 m². Polivalente: 468 m²

Total 6.795 m²

OS INICIOS. KAA ARCHITECTEN BV

Valoración do xurado

Os inicios propón outra das posibles vías de actuación ante a necesaria intervención no complexo conventual, completando un conxunto expectante cunha arquitectura contemporánea que restitúe a súa percepción pechada. A pegada do complexo museal proposto péchase sobre si mesmo nunha coherencia compacta que integra de xeito harmonizado o existente e o novo. O xurado valora moi positivamente a capacidade desta arquitectura contemporánea para aportar unha solución de convivencia equilibrada a través dun volume rotundo e monomático de gran plasticidade que dialoga co convento medieval. Desta maneira consegue aportar o que, seguramente, nunca chegou a ser, propondo espazos interiores de enorme calidade que dialogan sutilmente. A súa proposta programática, aínda que clara e funcional, conleva o sacrificio dalgún espazo de importancia patrimonial dentro do complexo e dunha parte considerable do espazo expositivo contemplado no programa. O tratamento dos espazos verdes bebe da inspiración do Pai Sarmiento e amosa un gran coñecemento e sensibilidade cara ao patrimonio natural



ABRENTE

UTE DAVID CHIPPERFIELD ARCHITECTS SANTIAGO DE COMPOSTELA - CARLOS SEOANE (75 PUNTOS)

Esta proposta aposta por manter a integridade dos edificios, os xardíns e o propio conxunto e inclúen o tramo da rúa Santa Clara no que está o enclave como parte do proxecto e a súa futura relación coa cidade e con outras infraestruturas culturais.

O edificio mesmo é considerado o obxecto mais valioso do museo e a intervención respecta a natureza construtiva e espacial orixinal cunha actuación mínima, que soluciona a circulación do museo facendo todas as estancias completamente accesibles e permite que todas elas, especialmente as máis singulares, formen parte da exhibición do museo.


Constrúese un novo volume de tres plantas para o centro arqueolóxico e de investigación, que se edifica na parte oeste, en paralelo ao edificio barroco, e que vai na súa meirande parte soterrado, resolvendo tamén resolver o medianil co edificio construído. O ingreso e saída de bens culturais plantéxase a través dun oco no muro desde a praza de José Martí.

A entrada principal ao museo realízase desde a rúa Santa Clara, tanto por historia

como por inmediatez física ao conxunto histórico. Por esta razón habilítase a entrada principal por medio do portalón que daba acceso ao patio da antiga casería lindeira ao convento, debuxando unha secuencia espacial complexa: Rúa, Patio, Xardín, Claustro e finalmente Museo.

Preténdese tamén un acceso polo límite suroeste da praza de Barcelos cun montacargas e unha rampla como acceso peonil aos xardíns para persoas que non queiran visitar o museo.

No xardín deséñanse dous tipos de percorridos: uns máis duros que denominamos “camiños” e están trazados con formas xeométricas claras e construídos en pedra –xa sexa lousados de pedra vella ou empedrados, cando a superficie non é de todo plana– e outros percorridos máis sinuosos, que denominamos “sendas” e están construídos en xabre ou con terra estabilizada. Tamén a auga resulta importante, creando sonoridades en canles abertas cun trazado diagonal e un eixo central no bosque e no claustro.



Superficies

Centro arqueolóxico: 3.825 m². Museo: 3.378 m². Espazo polivalente: 236 m²

Total 7.439 m²

ABRENTE. UTE DAVID CHIPPERFIELD ARCHITECTS SANTIAGO DE COMPOSTELA - CARLOS SEOANE

Valoración do xurado

Abrente dá un valor singular ás preexistencias e á súa acumulación ao longo de oito séculos con actuacións que inciden sobre un tempo detido, que amosan unha especial sensibilidade co tratamento do espazo orixinal. Parte dunha lectura detallada da evolución e transformación do territorio no que se emprega o complexo conventual, o que lle invita a reforzar e enfatizar o papel nuclear da rúa Santa Clara na configuración dos accesos e percorridos a través do complexo. Este posicionamento, un dos posibles para achegarse á realidade do complexo conventual, prima o carácter e atmosfera do actualmente existente, o que leva a condicionar os usos museísticos en determinados ámbitos das preexistencias ao confinar, por exemplo, a climatización a espazos puntuais do denominado edificio oeste e edificio barroco. A referida postura conduce a implantar a nova edificación no extremo oeste da parcela, limitando a incidencia sobre a paisaxe.



PIEDRA Y MADERA

KENGO KUMA & ASSOCIATES (73 puntos)

A proposta plantexa recuperar a lexibilidade dos volumes eliminando engadidos descontrolados que desvirtúan as pezas relevantes do complexo, unindo os elementos por medio de acupuntura arquitectónica con intervencións puntuais que enlazan espazos adxacentes. O máis singular é unha cuberta de madeira e aceiro, unha sinfonía de lixeireza e peso, como paseo que percorre o convento en forma de zig-zag adosada aos volumes existentes e conectando o eixo norte-sur. Destaca tamén a proposta de recuperar a lexibilidade do ábside da igrexa liberándoo parcialmente.


A zona de acceso queda situada a través de Santa Clara, na chamada porta dos carros a través dunha secuencia de espazos abertos e cubertos. Nese vestíbulo recíbese ás persoas visitantes baixo unha pérgola, que poden acceder ás tres principais edificacións tanto de forma conxunta como en caso de abrirse de maneira separada. O acceso peonil de recepción convírtese nun anfiteatro que acompaña a topografía e funciona como unha extensión do

programa do Museo ao exterior. Tamén se abre un acceso na zona da Praza de Barcelos.

O claustro reinterprétase e complétase nas súas catro pandas coa mestra estrutura lixeira do vestíbulo, distinguindo claramente o orixinal do contemporáneo. Destaca tamén a consolidación das ruínas da zona sur coa cuberta que percorre o espazo xerando un lugar de encontro.

O depósito arqueolóxico ten volume propio e acceso independente no extremo leste do complexo dende a rúa Santa Clara. Ten tres niveis soterrados. Os programas públicos e polivalentes van sobre rasante baixo unha cuberta lixeira, e os programas máis técnicos e de arquivo soterrados, nun contedor funcional.

A cuberta do edificio barroco tamén se reconstrúe cos mesmos materiais que o paseo en zig-zag. Xérase un entramado en forma de bóveda casi triángular que apoia nos muros existentes cubrindo unha luz de case 15 metros.



Superficies

Centro arqueolóxico: 4.152 m². Espazo expositivo: 1.670,23 m². Espazo de recepción e acollida de visitantes: 498,72 m². Talleres: 107,59 m². Espazo polivalente: 337,67 m². Cafetería: 71 m².

Total 6.837, 33 m²

PIEDRA Y MADERA. KENGO KUMA & ASSOCIATES

Valoración do xurado

Piedra y madera parte dunha evidente intención de conectar a rúa de Santa Clara coa Praza de Barcelos. Por elo ofrece unha lixeira cuberta de madeira, executada cunha técnica contemporánea que contrasta coa materialidade do granito, un fío condutor que zigzaguea a través da parcela entrelazando diferentes edificios e espazos exteriores. En certa medida, suma, á condición de lugar do complexo a potenciación do transito interno e externo de conexión entre diferentes espazos urbanos que cosen e conectan a cidade vella coa nova. O xurado valora positivamente a proposta de liberar a ábsida da igrexa para facilitar a súa lexibilidade e a súa integración na rúa. Desde o punto de vista programático evidénciase unha significativa redución dos espazos requiridos para as necesidades expositivas do museo. Así mesmo, o xurado considera que a proposta altera sensiblemente a atmosfera do conxunto exterior na área oriental do complexo, xa que as cubertas do espazo arqueolóxico implantan unha paisaxe totalmente allea á existente.



REVELACIÓN

UTE SNØHETTA OSLO AS-ALFONSO PENELA FERNÁNDEZ (69 puntos)

A proposta está fundamentalmente caracterizada pola utilización dunha cuberta que se inspira no velo do hábito clerical tradicional. Conecta os tellados existentes dando continuidade e completando o convento, seguindo a estrutura orixinal, rematando o edificio barroco e reconstruíndo un volume sur e reconstruíndo o volume este dándolle grandes dimensións. Tamén se inclúe unha construción na zona oeste pegada ao edificio de vivendas. A súa expresión formal é de protección, admiración e contraste, seguindo a equipa autora.

O acceso principal faise a través da Praza de Barcelos na zona sur, presentándose á cidadanía cun parque xeneroso como introdución á visita a través dunha estrutura contemporánea, un pavillón lixeiro e de grande transparencia que ofrece servizos e acceso ás diferentes zonas do museo:

-Planta inferior, en relación coa igrexa, o coro baixo, o porticado do claustro e os espazos icónicos do antigo convento.

-Plantas intermedias e superiores

-Ruínas do edificio sur, como entrada ao claustro e ao centro arqueolóxico.

REVELACION inspírase na estrutura orixinal do complexo conventual completando o edificio barroco, reconstruíndo o peche ao longo do sur e continuando os volumes existentes ata consolidar a estrutura monástica en planta, ao redor de 3 patios: o claustro co seu xardín medieval, o novo patio-xardín mineral e a transformación de antigo patio de servizo como núcleo de circulación do novo museo.



Superficies

Área de acceso restrinxido: 3.210,74 m². Áreas públicas: 623,42 m². Espazo de recepción e acollida: 709,88 m².

Espazos expositivos: 2.818,71 m².

Total 7.362,75 m²

REVELACIÓN. UTE SNØHETTA OSLO AS-ALFONSO PENELA FERNÁNDEZ

Valoración do xurado

Revelación centra e confía a súa proposta a un volume pechado que restitúe a arquitectura conventual inacabada, que articula todo o seu programa interiormente a partir dunha metáfora que se constrúe sobre o papel do velo conventual. A tectónica desta nova cuberta pretende reunir e valorar a complexidade diversa dun conxunto edificado durante 750 anos. Non obstante, o xurado considera que a solución ofrecida non consegue un diálogo frutífero cos edificios existentes. Enténdese que, a diferencia doutras propostas coas que comparte conceptualmente a decisión de pechar un recinto, a solución de facer permeable a fachada acaba por fragmentar un conxunto unitario nunha suma de partes illadas.





Santa
Clara
Pontevedra



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



MUSEO
PONTEVEDRA